

**CONVENIO DE PATROCINIO ENTRE A FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO E A
ENTIDADE CLUB MARÍTIMO, DEPORTIVO E CULTURAL BREOGÁN O GROVE
(MASCULINO), PARA O EJERCICIO 2017
(CON LIÑA ESPECÍFICA DE PATROCINIO DE ABANCA)**

Santiago de Compostela, 16 de xuño de 2017

R E U N I D O S

Dunha parte a FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO, con C.I.F. G15769383, representada neste acto pola persoa da Presidenta do seu Padroado, en calidade de Secretaria Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, dona Marta Míguez Telle, en virtude das facultades que ten conferidas. En diante Fundación.

Doutra parte a Entidade, Club Marítimo, Deportivo e Cultural Breogán O Grove (Masculino) con C.I.F. G36015634, representada pola persoa do/a seu/súa Presidente, don/dona Félix José Lamas Gondar, con D.N.I. 35444493K, en virtude das facultades que lle son conferidas polos poderes presentados perante a Fundación. En diante, a Entidade.

E X P O Ñ E N

- I. Que a Fundación, entidade fundacional do sector público de Galicia, ten por finalidade a promoción do deporte na Comunidade Autónoma galega, en cuxa consecución está capacitada para a realización de distintas actuacións, en colaboración con institucións e empresas, tanto públicas como privadas.
- II. Que a Fundación Deporte Galego, ten aprobado o *Plan de Patrocinio Deportivo Fundacional dos equipos de Alta Competición de Galicia, exercicio 2017*, cuxo obxecto principal é a difusión da actividade e imaxes fundacional e da Comunidade Autónoma e especialmente do Plan Galego para o fomento da actividade física GALICIA SAUDABLE, así como a promoción do deporte de alta competición de Galicia, tendo por destinatarios as entidades con equipos nas máximas categorías estatais absolutas. En diante, o Plan.

- III. Que a Entidade conta cun equipo participante nunha das competicións incluídas no ámbito obxectivo do Plan. En diante o Equipo.
- IV. Que a Fundación e a entidade financeira ABANCA formalizaron un contrato de patrocinio, que ten por obxecto o patrocinio publicitario por ABANCA do Plan de patrocinio dos equipos de alta competición de Galicia da Fundación Deporte Galego -en diante o Plan-. Este patrocinio supón a consideración de ABANCA como PATROCINADOR OFICIAL do Plan, incorporándose o seu distintivo corporativo ás actuacións de comunicación do mesmo que desenvolva a Fundación, sen prexuízo das restantes prestacións contempladas no Plan de patrocinio a favor de ABANCA
- V. Que o Plan de Patrocinio conta con dous apartados específicos de patrocinio:
 - a. Patrocinio Deporte Galego e Galicia Saudable.
 - b. Patrocinio con cargo á liña específica ABANCA.
- VI. Que a Entidade presentou proposta publicitaria para ámbolos dous apartados de patrocinio.
- VII. Que logo da correspondente tramitación do expediente, a Entidade vén de resultar adxudicataria no procedemento establecido para a formalización coa Fundación, dun convenio de patrocinio con motivo do Plan de Patrocinio e para ámbolos dous apartados sinalados anteriormente.
- VIII. Que conforme a todo o referenciado, as Partes, recoñecéndose plena capacidade, conveñen en subscribir o presente convenio de patrocinio.

ESTIPULACIÓNS

Primeira.- Obxecto

É obxecto do presente convenio establecer as relacións entre as Partes en orde a dispoñer a actividade de patrocinio por parte da Entidade á Fundación Deporte Galego e ABANCA así como a colaboración das partes na promoción do *Plan Galego de fomento da actividade física GALICIA SAUDABLE*, de acordo co Plan de patrocinio para o exercicio 2017.

Este patrocinio será desenvolvido conforme á proposta publicitaria presentada pola Entidade para ámbolos dous apartados do patrocinio, así como de conformidade co

establecido no *Plan de Patrocinio Deportivo Fundacional dos equipos de Alta Competición de Galicia*, exercicio 2017.

Segunda.- Obrigas das partes

A Entidade vén obrigada a desenvolver as actuacións e obrigas recollidas na proposta publicitaria presentada á Fundación, tanto para o primeiro apartado de patrocinio (Deporte Galego e Galicia Saudable), como para o segundo apartado (ABANCA) así como as establecidas no *Plan de Patrocinio Deportivo Fundacional dos equipos de Alta Competición de Galicia* aprobado a estes efectos, sendo todos estes documentos obrigatorios para as partes.

Así mesmo, a Fundación Deporte Galego e os equipos, e particularmente os seus adestradores e xogadores, colaborarán nas actividades organizadas no marco do Plan GALICIA SAUDABLE. A Fundación comunicará aos equipos cunha antelación mínima de 15 días, as actividades do Plan Galicia Saudable nas que deban participar os adestradores e xogadores, quenes deberán asistir salvo xustificación admitida pola FDG.

A Fundación, pola súa parte, comprométese a patrocinar ao equipo coa cantidade indicada na cláusula seguinte.

Terceira.- Pagamento e partida orzamentaria

O importe do presente convenio ascende a 7.146,04 €, máis o 21% de I.V.E. (1.500,67 €). Total: 8.646,71 €, I.V.E. incluído, desglosado do seguinte xeito en atención ás dúas liñas de patrocinio establecidas no Plan:

- a) Primeiro apartado: patrocinio Deporte Galego e Galicia Saudable:
 - a. Base: 4.940,70
 - b. Ive (21%): 1.037,55
 - c. Total: 5.978,25
- b) Segundo apartado: patrocinio con cargo á liña específica ABANCA:
 - a. Base: 2.205,34
 - b. Ive (21%): 463,12
 - c. Total: 2.668,46

Este importe será abonado en tres prazos:

- a) O 50% do importe unha vez asinado o convenio, unha vez recibida a correspondente factura emitida pola Entidade, acompañada da correspondente certificación e xustificación gráfica de ter realizados os soportes publicitarios esixidos para o cumprimento do convenio, e coa correspondente conformidade pola Fundación Deporte Galego. No concepto da factura farase constar “Primeiro pago do convenio de patrocinio formalizado entre a Fundación Deporte Galego e a Entidade Club Marítimo, Deportivo e Cultural Breogán O Grove (Masculino) ao abeiro do Plan de Patrocinio aos equipos de alta competición de Galicia para o ano 2017 (50%)”.
- b) O 30% aboarase unha vez rematadas as competicións e actividades principais do equipo de categoría absoluta e/ou previa á absoluta obxecto de patrocinio da tempada 2016/2017, unha vez recibida a correspondente factura emitida pola Entidade, acompañada da correspondente certificación de cumprimento das obrigas publicitarias nesta tempada. Será necesario tamén a correspondente conformidade da Fundación Deporte Galego. No concepto da factura farase constar “Segundo pago do convenio de patrocinio formalizado entre a Fundación Deporte Galego e a Entidade Club Marítimo, Deportivo e Cultural Breogán O Grove (Masculino) ao abeiro do Plan de Patrocinio aos equipos de alta competición de Galicia para o ano 2017 (30%)”.
- c) O 20% restante aboarase a partir do 31.12.2017, unha vez rematadas todas as actividades e competicións do exercicio 2017 e unha vez recibida a correspondente factura emitida pola Entidade con data 31.12.2017, acompañada da correspondente certificación de cumprimento das obrigas e da memoria que comprenda o conxunto das actividades obxecto de patrocinio realizadas pola Entidade. Asemade, deberá acompañar declaración responsable das axudas solicitadas ás distintas administracións públicas competentes ou a entidades privadas, con indicación das concedidas ou pendentes de resolución, e de que os ingresos obtidos con motivo da actividade patrocinada non xeraron superávit ou, en caso contrario, informado de cal é ese excedente ao fin de proceder á redución do importe final a pagar na contía que exceda o equilibrio entre ingresos e gastos da actividade patrocinada (Anexo III do Plan). Finalmente, será necesario tamén a correspondente conformidade da Fundación Deporte Galego. No concepto da factura farase constar “Terceiro pago do convenio de patrocinio formalizado entre a Fundación Deporte Galego e a Entidade Club Marítimo, Deportivo e Cultural Breogán O Grove (Masculino) ao abeiro do Plan de Patrocinio aos equipos de alta competición de Galicia para o ano 2017 (20%)”.

O presente convenio de patrocinio será financiado con cargo aos orzamentos da Fundación Deporte Galego para o ano 2017, e concretamente con cargo á partida orzamentaria (5. Outros Gastos), dado que no orzamento vixente para o exercicio 2017 dispónse de financiamento suficiente para os presentes convenios con cargo á partida sinalada anteriormente.

Cuarta.- Vixencia

O prazo de vixencia estenderase entre a data de sinatura do convenio e o 31 de decembro de 2017.

A Entidade deberá acreditar o cumprimento das obrigas asumidas en virtude do convenio, momento a partir do cal quedará resolto de pleno dereito sen necesidade de comunicación previa entre as partes.

Quinta.- Exención de responsabilidade

A Fundación e ABANCA quedarán exoneradas de calquera tipo de responsabilidade fronte a terceiros por danos de calquera índole que puideran ser causadas por calquera elemento, activo ou soporte publicitario, que conteña os seus logotipos ou marcas.

Asemade, a Fundación e ABANCA non serán responsables, principais nin subsidiarios, respecto de obrigas ou sancións de calquera índole que puideran ser impostas á Entidade ou ao Equipo, comprometéndose a Entidade a manter indemne á Fundación e á ABANCA, mediante o pago das mesmas.

Sexta.- Incumprimentos, penalizacións, modificación e rescisión do convenio

Estarase ao disposto no Plan de Patrocinio dos Equipos de Alta Competición de Galicia, exercicio 2017 (Anexo I).

A Fundación e a Entidade poderán crear unha comisión de seguimento do convenio co fin de realizar a coordinación e o seguimento das actividades conxuntas programadas, así como co fin de velar polo cumprimento do presente convenio.

Sétima.- Réxime Xurídico

O contido e efectos do presente convenio quedarán suxeitos ás normas do Dereito común.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da súa interpretación, modificación, resolución e efectos que non podan ser resoltas no seo da Comisión de seguimento e interpretación, serán sometidas ao coñecemento da Xurisdicción Civil, renunciando as partes a calquera outro foro que puidera corresponderlles.

Dando mostra de conformidade con todo o sinalado neste documento, asinan as partes o mesmo por triplicado exemplar e a un só efecto, no lugar e data sinalados no encabezado.

Pola Fundación Deporte Galego

Pola Entidade

Asdo.: Marta Míguez Telle

Asdo.: Félix José Lamas Gondar